

8

Inscripción nas actividades

Plan
Anual
de Formación
do Profesorado

2011

2012



8.1 INSCRICIÓN EN FPROFE

Para participar en calquera das actividades de formación permanente do profesorado que se desenvolvan no curso académico 2011-2012, anteriormente referidas, o profesorado debe realizar a inscrición mediante o «**Sistema de Xestión da Formación do Profesorado (fprofe)**», ao que se accede, a través da internet, no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na dirección web:

<http://www.edu.xunta.es/fprofe/>

A partir desta páxina, calquera persoa pode realizar dúas xestións:

«*Consulta pública do plan de formación*» como consultas anónimas de todas as actividades formativas ofertadas nos Plans Anuais de Formación.

«*Entrada no sistema de autentificación*» como acceso privado e particularizado para acceder á inscrición nas actividades dos Plans Anuais de Formación, consultar a súa situación persoal nas actividades que ten solicitadas, así como outras tarefas de xestión.

Diante de calquera dificultade ou problema de acceso, así como para calquera aclaración ou dúbida, o profesorado debe dirixirse á Unidade de Atención a Centros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, chamando ao número **902 90 54 45**, ou mediante un correo electrónico corporativo no enderezo uac@edu.xunta.es